

MOCIÓN DE AER SOBRE O LEVANTAMENTO DAS VÍAS

PLENO 30 NOVIEMBRE 2011. ACTA 21/2011

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xaneiro de 2012 está previsto o inicio do levantamento das vías do tren de Chapela, que remataban na antiga Estación de Urzaiz e futura Estación do Tren de Alta Velocidade (TAV).

Dende AER, así como dende diversas asociacións locais e galegas, consideramos que isto é un tremendo erro, xa que pechamos unha porta (a máis económica e rápida) a que nun futuro o tren de proximidade ou rexional chegue a Urzaiz, sendo esta unha estación intermodal. Apostamos firmemente por un modelo de mobilidade sostible. Vemos imprescindible impulsar o tren de proximidade no sur de Galiza e tamén vemos necesario acadar que a estación de Urzaiz sexa intermodal. No eixo Vilagarcía-Vigo-Viana do Castelo hai unha densidade de poboación de 427 habitantes por quilómetro cadrado, densidade só superada no Estado Español por Madrid e Barcelona. Isto implica unha auténtica necesidade de servizos de proximidade. A intermodalidade, así como uns prezos competitivos e unhas frecuencias axeitadas, son fundamentais no fomento do transporte público, neste caso, o tren de proximidade, que debe ser a solución alternativa ao abuso do coche, á ampliación de Rande e á construción de autovías innecesarias, custosas e lesivas para o territorio e o medio ambiente.

Nos últimos tempos recibíuse a promesa de que se van manter as infraestruturas para que o tren de proximidade ou rexional chegue á Estación de Guixar, o que para nada significa que o tren se poña enriba das vías, xa que isto depende da Secretaría de Estado de Transportes do Ministerio de Fomento e da Xunta de Galicia, que son os que deben negociar a transferencia da xestión destes servizos. A día de hoxe, esa negociación nin empezou, polo que non hai asegurado un tren de proximidade ou rexional nin polas vías de abaixo nin de arriba.

Existen dúas posibilidades de que un tren de proximidade ou rexional chegue a Urzaiz, que é onde chegara o TAV e que pensamos que debería ser sempre intermodal:

1ª- Por onde o levaba facendo comunmente, nesta opción as infraestruturas xa están feitas, só habería que facer un troco no proxecto de Thom Mayne da estación de Urzaiz para que esta puidera albergar o tren de proximidade ou rexional.

2ª- Polas vías de mercadorías. Opción máis cara. Habería que facer unha vía dobre electrificada, xa que senón terían que compartila cos trens de mercadorías e sería imposible que o tren de proximidade ou rexional tivera unha boas frecuencias. Isto viría unido a expropiacións de terreos e vivendas, a unha case segura ampliación do túnel da Guía e á construción dun túnel que uniría a Estación de Guixar coa de Urzaiz, xa que esta debería ser o destino final, intermodal.

AER non está en contra dun corredor verde en Chapela, o cal son só palabras xa que ninguén dixo quen vai poñer os cartos. Dito corredor verde non aparece en ningún orzamento, que se saiba, e Chapela non ten aínda asegurada a construción de ningún apeadoiro ou estación nas

vías de abaixo. Está licitada a redacción do proxecto, pero en ningún caso está garantida a súa construción. Polo tanto, AER estaría de acordo co levantamento das vías cando Chapela teña asegurada a construción dunha estación e exista un servizo de tren de proximidade ou rexional.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello os seguintes **acordos**:

1. Instar a Fomento a non levantar as vías mentres non exista un servizo de proximidade ou rexional asegurado, así como a construción asegurada dunha estación ou apeadoiro en Chapela.

2. Instar á Xunta a que empece canto antes as negociacións coa Secretaría de Estado de Transportes do Ministerio de Fomento para a transferencia dos servizos e da súa xestión.

3. Instar a Fomento e á Xunta a modificar o proxecto da Estación de Urzaiz para que sexa intermodal e que albergue a posibilidade da chegada do tren de proximidade (en superficie ou subterráneo dende Guixar), ademais de incluír o resto dos modos, como autobús interurbano, bicicletas ou taxis."

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria acordou aprobar a moción nos antecedentes transcrita engadindo un punto 4º no que se acorda ***instar a Fomento a que axilice o expediente de construción da nova estación de Chapela para contar nun futuro próximo cun tren de proximidade*** sendo o resultado da votación o seguinte:

Apartado 1º : 2 abstencións (BNG) e 19 votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE e 1 de AER).

Apartado 2º: 10 abstencións (PP) e 11 votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER).

Apartado 3º: 12 abstencións (10 do PP e 2 do BNG) e 9 votos a favor (8 do PSdeGPSOE e 1 de AER).

Apartado 4º: Unanimidade. 21 votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER).